



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. E A ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DO MAR DE MUXÍA PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA DA NOSA SRA. DA BARCA 2017

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Dominguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Pola outra, D. Ramón Pérez Barrientos con DNI 76343472D, actuando en nome e representación da Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía, con CIF G15972359 e domicilio a efectos de notificacións na Rúa Real nº35 e acta con data 16 de xaneiro de 2016, en calidade de presidente da asociación por nombramento en acta do 5 de xuño de 2010.

E doutra, D. Santiago Novoa García, con NIF 35.554.842-Q, en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en diante ABANCA, con domicilio social na cidade de Betanzos, A Coruña, rúa Cantón Claudino Pita, nº2, na súa calidade de Director de Banca Institucional, de acordo coa escritura autorizada polo notario D. José Piñeiro Prieto, o día 4 de xaneiro de 2010.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción da cultura e organización dos festexos da



Romaría da Barca, que se celebra cada ano no mes de setembro. A Asociación é fundada o 22 de decembro do ano 2004 por un grupo de xente xoven de Muxía (mariñeiros, mariscadores, estudantes,...) cun interese común: organizar actividades culturais, pero sobre todo organizar as festas na honra da Virxe da Barca e desenvolver a súa vez actividades durante todo ano adicados á divulgación destes festexos.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto .- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que non resulta posible promover a concorrência competitiva, xa que Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía, é a única entidade organizadora do evento.

Sexto.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura a aplicación 04.A2.761A.781.0, *Axudas a festas de interese turístico* código de proxecto



2015-0005, dotada con fondos propios da comunidade autónoma. Con cargo a esta aplicación, a achega da colaboración económica da Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións establecidas no convenio será 25.000,00.-€.

Sétimo.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento da Romaría da Nosa Sra. Da Virxe da Barca mediante unha achega de 5.000.-€.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía para o apoio á celebración da Romaría da Nosa Sra. Virxe da Barca 2017, este evento considérase un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta teña unha incidencia directa na divulgación da oferta turística galega, vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país, impulsando así a mellora económica do sector.

No concello de Muxía está o popular Santuario da Virxe da Barca onde cada domingo seguinte ao 8 de setembro celébrase esta romaría chea de connotacións panteístas ancestrais. Esta Romaría é unha antiga celebración de culto que remonta a súa orixe aos séculos XI ou XII que segue congregando hoxe en día unha grande cantidade de fregueses. Paralela á celebración relixiosa foise creando outra festa que converteu a esta romaría nun punto de encontro dos mozos que acampan ao redor da vila e pasan na noite bailando ata ao amencer.

As festas comezan coa celebración da Novena, o venres último día da Novena a asistencia a esta aumenta debido aos numerosos romeiros que en cumprimento das súas promesas acoden a Muxía camiñando dende os seus lugares de orixe xa que na festa é tradición a peregrinaxe dende os pobos da comarca. Achéganse de diferentes xeitos, tales como

percorrer un tramo do viaxe de xeonllos, escoitar misas durante varios días, o culto ás pedras.

A Romaría da Nosa Sra. da Barca de Muxía, é un evento de prestixio que conxuga unha celebración relixiosa ancestral coas actividades lúdicas actuais e converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega. Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter as súas sinais de identidade e revitalizar e incrementar a súa repercusión turística, e posiciónase coma o evento mais adecuado para dar a coñecer o recursos turísticos da nosa comunidade

A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía é a entidade organizadora dos actos da Romaría da Barca . Esta asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo .

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para accións de promoción da Romaría da Nosa Sra. Da Virxe da Barca é de **30.000,00 €**- que se distribúe nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	ORZAMENTO
Actuacións musicais	27.000 €
Difusión e medios	1.000 €
Cartelería	1.000 €
Publicidade	1.000 €
TOTAL	30.000 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan con cargo a aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0 "Axudas a festas de interés turístico " cunha achega de 25.000.-€, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.



Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 5.000.-€

Esta axuda ten o carácter de "axuda de minimis" exenta en aplicación do *Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1)*

Terceira.- Compromiso das partes

I.A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a totalidade dos gastos por importe orzamentado de 30.000,00 € .
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a "Marca Galicia" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais e/ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.



- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

- En relación á colaboración con ABANCA, incorporar o distintivo corporativo desta entidade nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia. Este distintivo deberá incluírse en calquera soporte publicitario que faga promoción da festa por parte da Organización, ocupando unha porcentaxe dun 2% como espazo mínimo en ditos soportes publicitarios, extremo que será comprobado pola entidade ABANCA. Así mesmo, deberá remitir ao correo electrónico ggarcia@abanca.com, previa a produción dos soportes publicitarios, unha mostra da aplicación do distintivo da entidade nos soportes. ABANCA validará a aplicación da súa marca e remitirá un xustificante que o acredite.

II. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento por importe de 25.000 €. Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2 761A.781.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017.

Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incurrir a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que esta achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

III. ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 5.000.-€

Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións, se supere o investimento total da festa.



Quinta.- Relación contractual

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Sexta.- Xustificación dos fondos e pagamento

I.- A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

- Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

- Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía ademáis deberá presentar:

- Declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 6.1 do regulamento de minimis)

- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma Certificación.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Galicia".

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionados os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

II.- A achega de ABANCA será pagada directamente por esta á Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía, unha vez que esta remita a dita entidade o detalle dos soportes publicitarios. Para tramitar a colaboración de ABANCA, a Asociación deberá remitirle á dirección ggarcia@abanca.com a seguinte documentación:

- Solicitud de abono en formato pdf. (Anexo 1)



- Memoria en formato pdf na que se amosen fotografías dos soportes publicitarios onde se aplicou a marca ABANCA.
- Xustificante emitido por ABANCA, antes da celebración da festa, no que valide a aplicación do seu distintivo nos soportes publicitarios.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Asociación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **16 de outubro de 2017**.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola Asociación, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

Se o investimento xustificado fose menor e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, corresponderá igualmente o pagamento do importe concedido sempre que a contía xustificada sexa igual ou superior a este.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.



Sétima .- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2017, conforme ao artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida, o que supón un importe máximo de 12.500,00.-€.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Decreto que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas.

Para proceder ao seu pagamento, a Asociación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Conforme ao artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia quedan exonerados da constitución de garantía os pagos acumulados anticipados e/ou a conta que non superen os 18.000 €. No caso de superar esta contía a entidade deberá constituír unha garantía do 110% do importe pagado como anticipo ou a conta calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria de acordo co establecido no artigo 67.3.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado pola Asociación, un representante



designado pola Axencia Turismo de Galicia e un representante de ABANCA . As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.

Undécima.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado d) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; as Leis 39/2015 e 40/2015 do 1 de outubro e pola demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consinten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo cuarta.- Vixencia e tramitación anticipada

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o **16 de outubro de 2017** e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de



xaneiro de 2017 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.


Pola Xunta de Galicia

A directora de Turismo de Galicia


María Nava Castro Domínguez

Pola Asociación Festas do Mar de Muxía

O presidente


Ramón Pérez Barrientos

Por ABANCA

Director de Banca Institucional


Santiago Novoa García